

## VII CONCURSO DE INTERPRETACIÓN DE BANDAS SONORAS

### BASES

1. O concurso é convocado pola **Anpa “O Burgo” do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Culleredo**, en colaboración co Conservatorio.
2. O **obxecto desta convocatoria é a interpretación dunha banda sonora de cine, televisión e/ou videoxogos**, ben **individualmente ou en grupo** que deberá ser interpretada en audición didáctica aberta ao público en data a determinar.
3. O concurso está aberto a **todo o alumnado do Conservatorio**, do grao elemental e profesional, e **exalumnos/as** que non teñan rematado o grao superior, que poderán participar **individualmente ou en grupo**.

#### 4. DATAS DE CELEBRACIÓN:

- **Venres 21 de marzo 2025:** grao profesional e ex alumnos/as (individual e grupo).
- **Venres 28 de marzo 2025:** grao elemental (individual e grupo).

#### 5. CATEGORÍAS

Existirán **tres categorías**:

- a) Grao elemental
- b) 1º, 2º e 3º de Grao Profesional
- c) 4º, 5º e 6º de Grao Profesional ou ex alumnos/as

- **Estará permitida a formación de grupos con alumnado de distintas categorías, pero nese caso SEMPRE se considerará que o grupo participa na categoría correspondente ao membro pertencente ao CURSO MÁIS ELEVADO.**

- En cada categoría haberá un **mínimo de DOUS concursantes**. De non ser así a dita categoría non entrará en concurso aínda que se hai algunha persoa ou grupo inscrito poderá participar como exhibición.

6. Nos grupos poderá integrarse algún / algunha participante externo/a pero que cumpra as mesmas condicións de non ser músico profesional. **O número de participantes externos/as non superará ao de alumn@s/exalumn@s do Conservatorio.**

7. **Como máximo poderase interpretar unha obra por cada modalidade (individual ou conxunta) e alumno/a**, respectando ou non as disciplinas instrumentais que se imparten no Conservatorio de Culleredo. Un mesmo alumno/a pódese presentar á modalidade individual e grupo.
8. A duración da obra será **como máximo de 8 minutos**. O tempo máximo inclúe o de interpretación musical e dramatización da obra, sen que sexa posible estenderse máis aló do tempo permitido. Non respectar a duración máxima da intervención **será tido en conta negativamente** polo Xurado
9. Non poderá presentarse ao concurso ningún participante que non entregue debidamente asinada, polo alumno/a maior de idade, o **ANEXO I**, ou, no seu caso, o **ANEXO II**, polo pai, nai ou titor do alumno/a menor de idade. **Este impreso de boletín de inscrición e autorización de difusión é imprescindible** para a participación no Concurso.
10. Para presentarse ao Concurso haberá que inscribirse enviando o xustificante de inscrición/difusión (anexo I ou II) debidamente asinado ao correo electrónico da Anpa ([anpaoburgo@gmail.com](mailto:anpaoburgo@gmail.com)), e/ou depositalo na caixa do correo da planta baixa, ata o venres **28 de febreiro de 2025** indicando a modalidade e a obra a desenvolver. No caso dos grupos identificaranse ademais o resto dos integrantes. **Cada participante dun grupo deberá presentar unha folla de inscrición independente**. Se faltase algunha o grupo non poderá participar. Tampouco se admitirán as inscricións realizadas fóra de prazo.
11. O **Xurado** estará composto por **cinco membros**: Dous profesores designados polo claustro ou elixidos por sorteo, un alumno/a de grao profesional elixido por sorteo entre os socios da Anpa que non se presente ao concurso, un pai/nai socio/a da Anpa, elixido do mesmo modo e un representante da directiva da Anpa que actuará como presidente do xurado. A decisión tomarase por maioría simple, acadando un mínimo de 3 votos a mellor interpretación.
12. A interpretación das obras poderá acompañarse da **dramatización e posta en escena** que a persoa ou persoas que concursan decidan. Para dita dramatización deberán seguirse as seguintes normas:
  - Poderán utilizarse **materiais de todo tipo**, sempre e cando **non afecten á estrutura do escenario nin do auditorio nin produzan mancha nin dano algún no mesmo**
  - O **montaxe da escena** correrá a cargo dos membros do grupo participante, e poderán contar coa axuda doutras persoas do seu equipo.

Rematada a participación deberán **desmontar o feito e liberar de espazo o escenario** para a seguinte participación. Cada persoa ou grupo contará cun **máximo de catro minutos para montar e catro para desmontar**.

- As montaxes **poden limitarse ao escenario ou incluír a platea, os corredores e contar coa participación de persoas do público**. Poderase, tamén, **repartir** entre as persoas asistentes calquera material (guía, letras de cancións, historias...)

- Poderán utilizarse **materiais audiovisuais** para a escenografía; nese caso o grupo ou intérprete contará **cunha persoa de apoio que será quen manexe eses materiais dende o equipo do Centro**. Será **exclusiva responsabilidade da persoa ou persoas participantes garantir a integridade e calidade** destes materiais e deberá presentalos nun **formato compatible** coas ferramentas informáticas coas que conta o Conservatorio. Ao rematar a interpretación, a persoa encargada deberá retirar o material utilizado de maneira inmediata, para permitir a utilización por parte dos seguintes, ou, en todo caso, **seguir as indicacións do persoal da Anpa ou do Centro**. Calquera alteración ou prexuízo causado aos equipos ou aos restantes participantes traerá, consecuentemente, a descualificación da persoa ou grupo responsable.

- Os días do ensaio previo as persoas participantes deberán **achegar ao persoal da Anpa e do Conservatorio o deseño e listado do material** co que se vai contar na dramatización da obra, sen poder engadirse nada novo -que non figure no ensaio- o día do Concurso. En caso de tratarse dunha presentación audiovisual terá que se achegada alomenos **sete días** antes do Concurso, para garantir a compatibilidade e o funcionamento.

- Cada obra será **debidamente presentada antes da interpretación**. A presentación recollerá:

- Título da peza en idioma orixinal e a súa tradución ao galego ou castelán.

- Autoría da obra.

- Título da película/serie/videoxogo en idioma orixinal e tradución ao galego ou castelán.

13. O Xurado **valorará tanto a posta en escena como a interpretación da peza elixida, priorizándose a calidade musical**, verdadeiro obxecto do Concurso e do Centro onde se celebra. Para elo, cada membro do Xurado valorará as obras axustándose ao seguinte baremo:

#### **Baremo dos conxuntos**

- De 1 a 6 puntos a execución musical da peza

- De 1 a 4 puntos a posta en escena (orixinalidade, guión, calidade...)

### Baremo das interpretacións individuais

- De 1 a 8 puntos a execución musical da peza
- De 1 a 2 puntos a posta en escena

14. Os **premios** para as interpretacións gañadoras serán:

- Tres premios **cun valor de 100€ cada un** para a modalidade en **grupo**: un para grao elemental, outro para 1º, 2º e 3º de grao profesional, e outro para 4º, 5º e 6º de grao profesional ou exalumnado.
- Tres premios **cun valor de 50€ cada un** para a modalidade **individual**: un para grao elemental, outro para 1º, 2º e 3º de grao profesional, e outro para 4º, 5º e 6º de grao profesional ou exalumno.
- O xurado **poderá declarar deserto** calquera das categorías se os participantes non acadan un nivel mínimo de calidade.

15. Ademais dos premios citados, a ANPA procurará que os grupos e intérpretes gañadores poidan actuar en locais distintos dos do propio Centro, co obxectivo de difundir o traballo do alumnado do Conservatorio; tamén se intentará que repitan as obras premiadas en concertos do propio Centro (final de curso, inicio de curso..)

16. A **entrega de premios** efectuarase **no último día das interpretacións tras a deliberación do xurado do Certame de BSO.**

17. As interpretacións serán **gravadas por distintos medios e poderán ser utilizadas pola Anpa para a súa difusión.** Igualmente todos os participantes autorizan á Anpa para a gravación das súas actuacións noutras audicións ou actividades que se desenvolvan no Centro ou promovidas por este noutro lugar. Coa súa participación, os concursantes **aceptan integramente** estas bases, así como as decisións do xurado.